

SETEMBRO 2021  
XULLO 2022

Exposición itinerante  
A Coruña | Lugo | Ourense | Vigo | Santiago

# PERCORRER O TEMPO

VISIONS CONTEMPORÁNEAS DO CAMIÑO



FOTOGRAFÍA E VÍDEO

#DeIntereseCultural



# PERCORRER O TEMPO

VISIÓNS CONTEMPORÁNEAS DO CAMIÑO



## PERCORRER O TEMPO. VISIÓNS CONTEMPORÁNEAS DO CAMIÑO

*Percorrer o tempo. Visións contemporáneas do Camiño* ofrece unha visión poliédrica e contemporánea do Camiño de Santiago a través da mirada de dez artistas que empregan a fotografía como medio primordial.

As referencias ao propio Camiño de Santiago son moi diversas, onde o tempo é flexible e parabólico, dende perspectivas históricas ata deconstrucións modernas. Tamén se ofrece unha concepción ampla do feito de camiñar: dende o percorrido do territorio ata unha visión contemporánea da peregrinación.

A exposición recolle a ollada de artistas de Galicia, con Carla Andrade, Luis Díaz Díaz, Iván Nespereira, Bandia Ribeira e Lúa Ribeira, pero tamén notables artistas de fóra aproveitando os diferentes camiños e enlaces con outras rutas históricas. Represéntase o Camiño Inglés, con Olivia Arthur, o Camiño Portugués, con André Cepeda, o Camiño Francés, con Michel Le Belhomme, a Ruta da La, con Cristina de Middel, e a Ruta da Prata, con Miguel Ángel Tornero.

Confórmase así un grupo diverso e paritario, dunha xeración nova pero cunha longa traxectoria. Figuran entre os artistas un Premio Nacional de fotografía (Cristina de Middel), que forma parte da axencia Magnum xunto Lúa Ribeira e Olivia Arthur (actual presidenta da axencia), ou artistas de percorrido internacional, como Carla Andrade, Miguel Ángel Tornero e Michel Le Belhomme.



Como resultado, os traballos deste proxecto enmarcado na colaboración da Fundación "la Caixa" co Xacobeo 21-22 presentan unha nova ollada audaz e orixinal, con achegas moi diversas:

**Bandia Ribeira** ofrece unha representación contemporánea dunha espiritualidade reinterpretada de fondo documental, pero en complicidade cos retratados, a cabalo entre Almería (onde reside actualmente) e Galicia.

**Miquel Ángel Tornero** traballa dende a xustaposición de elementos naturais, construídos e tópicos arredor do Camiño.

**Cristina de Middel** percorreu España e Galicia buscando lugares de peregrinación tradicional e contemporánea onde a fe é o elemento de unión.

**Iván Nespereira** presenta un proxecto de investigación sobre a viaxe dos materiais que conforman a catedral de Santiago de Compostela.

**Carla Andrade** aproxímase aos elementos naturais da Serra da Groba e ao seu valor referencial e histórico, remontándose a tempos precristiáns.

**Luis Díaz Díaz**, dende Santiago de Compostela (onde reside), busca retratar a realidade dos camiños que circundan a cidade.

**Olivia Arthur** para este proxecto quixo facer unha curtametraxe, onde a protagonista fai o Camiño como forma de redención e introspección.

**Michel Le Belhomme** achéganos unha construción posticónica de elementos tradicionais do Camiño e a mitoloxía galega.

**Lúa Ribeira** fixo o Camiño con dous compañeiros de viaxe, convivindo e retratando a súa intensidade psicolóxica e física confrontada coa paisaxe.

**André Cepeda** quixo tamén facer unha curtametraxe, onde dúas mulleres observan unha paisaxe escura en contraposición cun diálogo sobre o Camiño.



## DESEÑO EXPOSITIVO


*Percorrer o tempo. Visións contemporáneas do Camiño* nace como unha exposición itinerante que, ademais do tempo, percorre tamén a xeografía galega. Para achegarse ao máximo público, estará en espazos exteriores e céntricos das cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela, entre setembro de 2021 e xullo de 2022.

Para a mostra utilizaranse seis grandes contedores de barco, un deles como punto de información e os cinco restantes como salas de proxección. Todos os traballos están pensados para ser proxectados, xa sexa nun formato de diaporama clásico, con secuencias fotográficas acompañadas dunha banda sonora orixinal, curtametraxes realizadas especificamente para o proxecto polos artistas, ou formatos híbridos de fotografía e vídeo.

A viaxe entre os diferentes contedores e contidos quere ser reflexo da propia viaxe dos autores para realizar os seus proxectos, así como o transitar propio do Camiño.

Percorrido da itinerancia:

- 1 **A Coruña** | *Zona Portuaria*  
SETEMBRO - NOVEMBRO
- 2 **Lugo** | *Praza da Horta do Seminario*  
NOVEMBRO - XANEIRO
- 3 **Ourense** | *Lugar por determinar*  
XANEIRO - MARZO
- 4 **Vigo** | *Estación marítima*  
MARZO - MAIO
- 5 **Santiago de Compostela** | *Alameda*  
MAIO - XULLO



## OBRADOIROS E PRESENTACIÓNS

Cada unha das itinerancias estará acompañada por dous artistas, que farán presentacións públicas dos seus proxectos. Ademais, haberá obradoiros de balde que permitirán unha achega á práctica destes artistas, así como o intercambio de traballos e experiencias.



## CATÁLOGO

O proxecto acompáñase tamén dun catálogo que recolle en dez cadernos cada un dos proxectos dos artistas, poñéndoos en contexto.



## ARTISTAS

André Cepeda

Bandia Ribeira

Carla Andrade

Cristina de Middel

Iván Nespereira

Lúa Ribeira

Luis Díaz Díaz

Michel Le Belhomme

Miguel Ángel Tornero

Olivia Arthur



## ANDRÉ CEPEDA (COIMBRA, 1976)



Fotógrafo que aborda cuestións conectadas á paisaxe, arquitectura, evolución e transformación da sociedade contemporánea portuguesa. Está representado por Cristina Guerra Contemporary Art e os seus libros son editados por Pierre von Kleist Editions.

Comezou a expoñer e publicar o seu traballo desde 1999, ano no que recibiu unha bolsa para unha residencia no Espacie Photographique Contretype, en Bruxelas. En 2007, foi nomeado para o Premio Nuevos Artistas Fundación EDP e, en 2010, para o BES Photo. En 2011, André Cepeda foi seleccionado para o premio Foam Paul Huf, atribuído polo Fotografiemuseum de Amsterdam, e realizou unha residencia artística de

tres meses en São Paulo, no apoio da Fundación Calouste Gulbenkian e da FAAP (São Paulo), publicando posteriormente o seu libro "Calle Stan Getz". En 2016, recibiu o premio do Atelier-Museo Júlio Pomar/EGEAC, cunha residencia de artista na Residency Unlimited, en Nova York.

Presenta regularmente o seu traballo tanto en Portugal coma no estranxeiro. Entre os diversos espazos nos que expuxo, destacan os seguintes: MAAT (Lisboa); Cristina Guerra Contemporary Art (Lisboa); Benrubi Gallery (Nova York); Fridman Gallery (Nova York); Galería Pedro Oliveira (Porto); Museo Nacional de Arte Contemporáneo (Lisboa); Kasseler Fotoforum (Kassel); Invaliden Galerie (Berlín); Espacie Photographique Contretype (Bruxelas); estándar/deluxe (Lausana); MARCO (Vigo); LE BAL (París); Haus dé Photographie (Hamburgo); Wohnungsfrage – Haus dé Kulturen dé Welt (Berlín); Fondation Calouste Gulbenkian (París); Museo Oscar Niemeyer (Río de Janeiro); CAJA Cultural (Río de Janeiro); MASP (São Paulo); Museo de Serralves (Porto); e a representación portuguesa na 16.<sup>a</sup> Bienal de Arquitectura de Venecia.

### La Tempestad

*"Esta película é coma se fose unha pausa no tempo, un tempo calquera, que non é preciso, ao que non lle interesa ser preciso, intemporal, transversal e universal a todo home. Cando camiñaba, sentía que non estaba so, que camiñaba con todos aqueles que xa fixeran o Camiño ao longo de centos de anos. O increíble é que o Camiño e a razón pola cal se fai é sempre a mesma, esa conexión espiritual, en que a paisaxe é a única cousa que está en constante transformación. É moi interesante este pequeno detalle. Foi iso o que determinou non filmar varios Camiños, pero si concentrarme na parte que para min é o máis importante, que é o que sentimos."*





## BANDIA RIBEIRA (AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, 1980)



Bandia Ribeira Cendán é unha fotógrafa documental e profesora das Pontes de García Rodríguez (A Coruña), con base en Almería. Licenciada en Ciencias Políticas e graduada en Fotografía Documental na Universidade de Sur de Gales, Newport.

Participou en diversas exposicións e festivais de fotografía, como Encontros da Imagem 2016 (Portugal), Diffusion Festival 2015 (Gales), Scan Photobooks 2014 (Tarragona) ou a Bienal de Arte Pintor Laxeiro 2017, en Lalín (Pontevedra).

O seu traballo recibiu recoñecementos como o XII Premio de Creación Fotográfica Luis Ksado (2015), Reginald Salisbury Travel Award, ou un dos premios Ciutat de Barcelona (2012), entre outros.

O seu libro autoeditado sobre a cidade de Newport, "Life is great, without it you'd be dead" (2014) foi finalista do Bar Tur Photo Book Award en 2015.



### Unha forza do pasado

*"Atopeime cun Camiño de Santiago baleiro, tiven que facer as viaxes cun salvoconduto e moitos albergues estaban pechados. Empecei a contactar con xente e a pedirilles participar no proxecto coma se fosen actores, personaxes que vou atopando ao longo do Camiño. Tamén tratei de explorar o territorio. Xurdíume a necesidade de intervenir nalgunhas das fotos, coa idea de esaxerar algunhas tomas ou de que se puidesen plasmar algunhas ideas concretas. Non tratei de ofrecer unha reportaxe documental sobre o Camiño senón máis ben achegar unha visión sobre esa esencia relixiosa que o fundamenta."*





## CARLA ANDRADE (VIGO, 1983)



É licenciada en Comunicación Audiovisual, cun Máster en "Artist's Film & Moving Image" na Universidade Goldsmiths de Londres, ademais de en Filosofía pola UNED. Esta intersección entre os medios de expresión visuais e un terreo máis próximo á reflexión é precisamente unha das facetas que máis define o seu traballo.

Realizou residencias artísticas e proxectos en Islandia, Nepal, Chile, Suecia, República Centro Africana, Barcelona ou París, entre outros países. O seu traballo presentouse de xeito individual en centros de arte contemporánea como MAC Gas Natural Fenosa, CDAN, BilbaoArte, Casa das Artes de Vigo ou Galería Trinta; de xeito colectivo no Museo Guggenheim de Bilbao, MARCO de Vigo, Real Academia BBAA San

Fernando, Tabacalera Madrid, CaixaForum, La Casa Encendida, Le 104 de París, Lux London, etc; en festivais internacionais de cine e fotografía, como IFFR, Zinebi, PortoPostDoc, Jihlava, Alchemy Film Festival, Curtocircuíto, Filmadrid, (S8), PhotoEspaña, Mois de la Photo ou Encontros da Imagem; e en países como EE.UU, Brasil, Alemaña, Reino Unido, Taiwán e Corea do Sur.

Recibiu recoñecementos como o Premio Mujeres-Foro-Dialogo Alliance Française / Pilar Citoler (2012), Premio Absolut//Collection Emergentes Casa//Arte (2013), Premio Franc Vila de adquisición Galería Luis Adelantado (2013), 1er Premio Joven Artes Plásticas UCM (2014), Premio Fotografía Comunidad de Madrid SUMMA 2015 e Premio Panorama Filmic L'Alternativa Barcelona (2016), entre outros.




### Amarillo Atlántico

*"Desde o principio sabía que quería traballar sobre un espazo moi concreto e que, ademais, ten un significado especial para min. Trátase da Serra da Groba, situada ao longo da costa máis meridional e rectilínea de Galicia, cuxas ladeiras vin desde a ventá da miña casa desde a miña infancia e sobre as que sempre fantasiei, pois subir ás súas montañas era para min como irse fóra do "mundo", do constructo abstracto e dissociado no que vivimos, para acceder a outras dimensións moito máis conectadas co mundo sendo "real". Grazas a este proxecto tiven a oportunidade de poder explorar, pensar e traballar máis a fondo este lugar tan descoñecido pero tan cheo de coñecemento "oculto"."*



## CRISTINA DE MIDDEL (ALACANTE, 1975)



Asociada da axencia Magnum desde 2017, vive e traballa entre México e Brasil. O seu traballo investiga a ambigua relación que ten a fotografía coa verdade.

Despois de 10 anos como fotoxornalista e como fotógrafa humanitaria, Cristina de Middel deu un paso para afastarse da mirada tradicional e producir a aclamada serie *The Afnauts* en 2012. Desde entón produciu máis de 13 proxectos e publicacións que responden á necesidade de redefinir a práctica documental coa fin de explicar dunha maneira máis completa e diversa o mundo no que vivimos. Esta produción e formulación valeulle varios recoñecementos, como o Infintiny Award del ICP en NYC en 2012, ou o Premio Nacional de Fotografía en 2017.

O seu traballo mostrouse en máis de 50 exposicións internacionalmente e forma parte de coleccións como a Tate Modern ou a National Gallery de Victoria. De Middel compaxina a creación fotográfica co comisariado, a docencia e a promoción de novas voces fotográficas que xorden da periferia a través da plataforma Vist.




### La trayectoria de las montañas

*"Ese punto no que o espiritual se traduce en material e se regula ou deseña sempre me fascinou. Se o pensas, é un punto de fricción entre dous planos de existencia, un lugar onde o inmaterial e o tanxible dialogan e chegan a un acordo, como un regulamento da fe..."*

*...a peregrinación é ao fin e ao cabo un sacrificio, unha proba de devoción que ten como ofrenda o movemento, a viaxe e o tempo que dedica o peregrino a presentarse fronte ao obxecto simbólico."*



## IVÁN NESPEREIRA (OURENSE 1978)



Traballa como fotógrafo e realizador *freelance* en Santiago de Compostela.

Inviste tempo en desenvolver proxectos documentais a longo prazo, que parten da investigación e onde a fotografía e o vídeo son as principais ferramentas que utiliza.

En 2017 edita *Nueva Galicia*, que recibe o Premio PHotoESPAÑA 2018 ao mellor libro do ano na categoría autoeditado. A súa obra foi proxectada en festivais de cine como Curtocircuíto, OUFF, Bogoshorts ou Play Doc, e exposta en Archivo Municipal de Lisboa, Athens Photo Festival, Fiebre Photobook, Dispara e Fotomuseo Cuatro Caminos.

Colaborou con cineastas como Pela del Álamo (longametraxe N-VI) e Vicente Vázquez|Usue Arrieta (*Canedo, ANAZAOP*).



### Caliza

*“Interésame moito a idea de que tanto o medio, o Camiño, como os actores, os peregrinos, tiveron un rol diferente ao que eu coñecía. Unha vía de peregrinación espiritual convértese nun traballo e nunha vía de abastecemento de materia prima para unha construción, e os peregrinos que a transitan dalgunha maneira son promotores de materia prima que posibilita a construción dun edificio que ten un simbolismo moi forte.”*



## LUA RIBEIRA CENDÁN (AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ, 1986)



É unha fotógrafa representada por Magnum Photos con residencia en Reino Unido. O seu traballo caracterízase polo seu enfoque colaborativo e un proceso de inmersión con respecto aos suxeitos fotografados.

Graduouse en deseño gráfico en Bau Escola de Disseny (Barcelona) e posteriormente en Fotografía Documental pola Universidade do Sur de Gales, en Newport (UK). Colaborou como conferenciante e impartindo obradoiros en múltiples universidades, como London College of Communication, University of the West of England ou IED Madrid.

O seu traballo foi exposto internacionalmente e resultou galardoado con Firecracker Grant for Women in Photography 2016, Bartur Photobook Award Finalist 2016 e Magnum Graduate Photographers Award 2017, así como nominado para o Paul Huff Foam 2018 e Prix Pictet 019.

A súa serie *Noises* publicouse en forma de libro por *Fishbar, London 2017* e aparece en "*Firecrackers Female Photographer Now*" Thames and Hudson Ltd 2017, e *Raw View Magazine, "Women looking at Women"* 2016, comisariada pola fotógrafa Susan Meiselas. A súa primeira exposición individual foi producida por *GRAIN, Photography Hub and Network for the West Midlands*.



### Os creyentes

*"Foi a través da relación física, do corpo, da aperta, da loita, de ideas moi simples que se foi forxando o proxecto. Eu traballo coas imaxes dun xeito moi elemental ou simbólico e nese sentido é moi doado conectar, porque ao final hoxe en día todos temos unha relación forte coas imaxes e o que transmiten. Utilizo exercicios ou estímulos que entendo son teatrais, e eu tamén participo deles."*



## LUIS DÍAZ DÍAZ (A CORUÑA, 1978)



Actualmente reside en Santiago de Compostela, onde se dedica á fotografía de arquitectura, desenvolve traballos relacionados co territorio e xestiona o espazo Sar53.

En 2012 publica o libro *La casa de Óscar* a través da editorial Fabulatorio. En 2010 funda a web "30 y 3 - Spanish photography now", dedicada á difusión da fotografía española contemporánea. A través desta plataforma, comisaría xunto a Charlotte Cotton e Iñaki Domingo a exposición "P2P – Prácticas contemporáneas en la fotografía española", incluída no programa oficial de Photoespaña 2014.

Impartiu obradoiros no Máster en Fotografía de Autor da Escuela Lens (Madrid), na Universidade Europea de Madrid e no CGAC-Centro Galego de Arte Contemporánea.

A súa obra foi exposta en galerías e centros de arte de España e do estranxeiro a título individual e como parte do colectivo *Todo por la Praxis*, con quen recibiu en dúas ocasións as axudas convocadas polo centro Matadero de Madrid para a realización de proxectos artísticos.



### Última Etapa

*"O feito de camiñar durante horas, baixo a chuvia, cambiando a película coas mans húmidas... fixo que me sentise parte da paisaxe e lograrse chegar a ese estado no que a mirada, a cámara e a contorna se van alimentando entre si nunha especie de transo. Aqueles días non só non había peregrinos facendo o Camiño, senón que apenas me crucei con veciños dos lugares por onde pasaba."*



## MICHEL LE BELHOMME (RENNES, 1973)



Michel Le Belhomme vive e traballa en Rennes, Francia. Licenciado pola Escola de Belas Artes de Rennes e a Universidade de Rennes 2, é profesor, conferenciante, comisario e crítico de fotografía.

En 2015 foi galardoado co Prix Voies Off en Arles e o Premio de Fotografía Solas en Dublín. En 2016, foi nominado ao Merck Preis Darmstädter Tage der Fotografie, e despois foi nominado ao Renaissance Photography Prize.

Expón regularmente en Francia e no estranxeiro, en museos, galerías e festivais.

Desde 2014 está representado pola galería Binome de París e a galería Cuadro Art de Dubái.




### Dawn walks behind Dawn

*“Enseguida me somerxín nos resultados desta aventura íntima, desde o punto de vista simbólico, nas súas implicacións, etc. Empecei a buscar iconografía e testemuños, e decateime axiña de que se trataba sobre todo dunha aventura persoal e humana que ía máis aló dos presupostos que me deran! Así que empecei a pensar en como experimentar o visible, a operar procesos de representación, a facer un acto fotográfico diso en coherencia coas singularidades da miña práctica da fotografía.”*



## MIGUEL ÁNGEL TORNERO (BAEZA, 1978)



Licenciado en Belas Artes pola Universidade de Granada, actualmente vive e traballa en Madrid.

Realizou residencias artísticas na Academia de España en Roma (2012/13) ou Künstlerhaus Bethanien en Berlín (2010), entre outros lugares, e foi galardoado con importantes premios de fotografía, como o Grüenthal (2011), Purificación García (2007) ou ABC (2003), así como Generaciones (2009) a proxectos artísticos ou o Premio Nacional al Mejor Libro de Arte editado en 2014.

Entre as súas exposicións individuais destacan "Quemar ramón" (2020), na exposición inaugural do espazo da Galería Juan Silió en Madrid, "Sin atajos", na Universidade de Jaén, "La noche en balde" (2017), na

Galería Juan Silió de Santander e "Looking Was Serious Work but also a Kind of Intoxication", no DA2 de Salamanca (2017). Cómpre sinalar tamén "The Random Series -berliner trato, romananzo & madrileño trip-", no Festival suízo de Fotografía de Biel/Bienne (2016), Les Rencontres de las Photographie de Arles no Centro de Arte de Alcobendas (2015) e "The Random Series -berliner trato-" (2010) en Künstlerhaus Bethanien de Berlín.




### Yo no sé lo que busco eternamente

*"Diría que soe haber un diálogo permanente entre o que pasa dentro de ti e o que pasa fóra de ti. Unha descrición da paisaxe soe acabar sendo unha descrición dun mesmo.*

*Todo é paisaxe, ben sexa o natural dado ou o que os seres humanos fixemos con el –a paisaxe da natureza humana-. Tamén creo que a forma e o fondo están intimamente relacionados e que un proxecto sobre o que se ve, aparentemente superficial –como creo que é o caso sen evitar nin menosprezar a expresión– pode chegar a falar do que non se ve."*



## OLIVIA ARTHUR (LONDRES, 1980)



Olivia Arthur é coñecida pola súa fotografía en profundidade, que examina as persoas e as súas identidades persoais e culturais.

Medrou no Reino Unido e estudou matemáticas na Universidade de Oxford e fotoxornalismo no London College of Printing. Comezou a traballar como fotógrafa en 2003, tras mudarse a Delhi, e estivo radicada na India durante dous anos e medio. No seu proxecto *In Private/Mumbai* (2016-2018) traballou sobre a sexualidade na India e a través do seu encargo *Portrait of a City*, sobre a mocidade para Hull, *City of Culture* (2017).

O traballo de Arthur mostrouse en publicacións como *The New Yorker*, *Vogue* e a revista *TIME*, entre outras.

Entre os seus clientes comerciais seleccionados figuran *British Airways*, *Capeb* e *BNP Paribas*. Recibiu o apoio do Premio Inge Morath, o Museo Nacional de Medios de Comunicación e o Premio OjodePez-PhotoEspaña de Valores Humanos.

En 2010, cofundou *Fishbar*, unha editorial e espazo para a fotografía en Londres, con Philipp Ebeling. Arthur segue regresando á India e traballando en Londres, onde vive.

Arthur converteuse en membro de pleno dereito de *Magnum Photos* en 2013.

### The Stop Game

*"Cando empecei a investigar sobre o Camiño de Santiago e lin que os presos camiñaban para conseguir a súa liberdade, quedei realmente fascinada. Supoño que a idea combinada da andaina como penitencia e como terapia é interesante..."*

*...mentres a personaxe da curtametraxe camiña polas aldeas, oe os ladridos dos cans e contempla os altos muros. Liberouse das penurias do cárcere, pero agora ten que enfrontarse á nova sensación de ser tratada con hostilidade e como unha estraña."*








# COMISARIADO

Nicolás Combarro

**NICOLÁS COMBARRO (A CORUÑA, 1979)**

É comisario de exposicións, docente e artista visual.

Como comisario realizou exposicións individuais de artistas como Alberto García-Alix, Anders Petersen ou Miguel Ángel Campano en museos e institucións entre os que figuran o Museo Nacional Reina Sofía (Madrid), la Maison Européenne de la Photographie (París), Moscow House of Photography (Moscú), Ullens Center (Pekín) ou Photographers Gallery (Londres).

Tamén comisariou exposicións colectivas e presentacións, especialmente de fotografía contemporánea en FOMU (Amberes), Fotobookfestival (Kassel) ou Les Rencontres Internationales de Arlés (Francia), entre outros espazos.

É docente en diferentes universidades e centros educativos en España e no estranxeiro, como a Universidade Carlos III (Madrid), UNIR ou CAMPO (Argentina, México). Foi editor gráfico para publicacións en diversas editoriais (RM, La Fábrica ou La Oficina) e escribiu para numerosos catálogos de exposición e revistas especializadas, como The Eyes o Minerva.

